



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Ref.: A/S/SC47-16

ANUNCIO

Asto.: Incoación do procedemento do contrato menor “CONTRATO MENOR DE SERVICIOS PARA CONTRATACIÓN PROGRAMA VERÁN DE XOGOS 2016”

Por resolución de alcaldía núm 405/2016 de data 20.06.2016 resolveuse o seguinte:

1º.- Incoar o procedemento do contrato administrativo menor “CONTRATO MENOR DE SERVICIOS PARA CONTRATACIÓN PROGRAMA VERÁN DE XOGOS 2016”

2º.- Aprobar o seguinte CADRO DE CARACTERÍSTICAS do devandito contrato menor de servizos contido na proposta da concelleira delegada espacial na área de xestión de mocidade e infancia, Inmaculada Rodríguez Días, de 17.06.2016.

A través deste cadro quedarían regulados os principais elementos do contrato administrativo menor de servizos a celebrar, sendo de aplicación, en calquera caso e para o non regulado a través do mesmo, o réxime xurídico que resulta de aplicación do TRLCSP e as súas normas de desenvolvemento:

- Obxecto
- Prezo e Forma De Pago
- Características do sistema
- Prazo de entrega e formación
- Mantemento e soporte técnico
- Responsable do Contrato
- Obrigas Específicas da Execución do Contrato

II.1 OBXECTO DO CONTRATO:

Ref. S/SC 47-16	Órgano xestor: Alcaldía (consta efectuada delegación)	Cód. DIR 3:L01360046
	Oficina contable: Intervención	Cód. DIR 3:L01360046
Órgano destinatario do obxecto contrato: Concellería delegada especial na área de xestión de Mocidade e Infancia. Delegación xenérica e especial de atribucións e funcións contida nas resolucións de alcaldía núm. 582/15 de 17.06.2015 (BOP núm. 121 de 26/06/2015) e num. 43/2016 de 29.01.2016 Concelleiros/as: Carlos Eirea Eiras (delegación xenérica) e Inmaculada Rodríguez Días (delegación especial).		
Título: “CONTRATO MENOR DE SERVICIOS PARA CONTRATACIÓN PROGRAMA VERÁN DE XOGOS 2016”.		
CPV: CPV 85311300-5 “Servizos de bienestar social proporcionados a nenos e mozos		Categoría (anexo II TRLCSP): 25
Xustificación da necesidade da contratación: Necesidade de organizar o programa e inexistencia de medios materiais e persoais propios para a prestación do servizo.		
Alcance do servizo: O servizo consiste na organización do programa VERÁN DE XOGOS 2016, incluíndo as seguintes prestacións: O servizo consiste na organización dun programa de actividades lúdicas e educativas para o tempo de lecer, destinado a rapaces e rapazas nados entre os anos 2004 e 2012, en horario de 9 a 14 horas, de luns a venres (excepto festivos) durante os meses de xullo e agosto de 2016, concretamente dende o luns 4 de xullo ao venres 26 de agosto. O programa desenvolverase nas instalacións do CEIP A Pedra, e o Concello de Bueu encargarse da xestión das inscricións no mesmo a través da oficina municipal de información xuvenil (OMIX). Ofertaranse 60 prazas distribuídas en tres grupos: a) 5 días semanais, 40 prazas. b) 3 días semanais (luns, mércores e venres), 10 prazas. c) 2 días semanais (martes e xoves), 10 prazas. O programa deberá contar cun mínimo de 6 monitores/as para o seu desenvolvemento, os cales		



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Ref.: A/S/SC47-16

terán o título oficial de Monitor/a de Tempo Libre ou equivalente.

Son requisitos do programa:

- Utilizar o galego como lingua principal de comunicación cos participantes.
- Ofertar unha saída mensual ao Museo Massó ou ao río Bispo.
- Incluír actividades relacionadas co patrimonio cultural de Bueu.
- Proporcionar unha camiseta identificativa do programa a cada participante no mesmo.

Lugar de prestación do servizo: CEIP A PEDRA (BUEU)

III.2PREZO E FORMA DE PAGO

Prezo de adxudicación: 12.396,00-€

IVE: 21%

Importe IVE: 2.603,16 €

Importe total: 14.999,16 €, IVE engadido.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 338.226.10 do orzamento prorrogado para o exercicio 2016 (FESTAS POPULARES E FESTEXOS. GASTOS DIVERSOS)

FINANCIACIÓN: Fondos propios do concello.

FACTURACIÓN: mensual | CÓDIGOS DIR 3: BOP núm. 6 de 12.1.2015 e na web municipal

III.3PRAZO CONTRACTUAL

DOUS (02) MESES

III.4 PROCEDEMENTO E TRAMITACIÓN

PROCEDEMENTO: Contrato menor

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN: A valoración das ofertas realizarase atendendo a unha **multiplicidade de criterios** segundo o disposto no art. 67.2 do TRLCSP. Os criterios de valoración serán os seguintes:

- **Oferta económica:** 10 puntos para a máis económica, outorgando puntos de forma proporcional ao resto de ofertas.
- **Ampliación de monitores a maiores do mínimo de 6 solicitado:** 2 puntos por cada monitor/a.
- **Proxecto descritivo do servizo a prestar:** entregarase unha memoria explicativa do servizo a prestar e do persoal, detallando o programa de actividades que se van desenvolver, definindo como mínimo os obxectivos, a metodoloxía e os materiais utilizados (ata un máximo de 5 puntos).

REVISIÓN PREZOS: Non

VARIANTES/MELLORAS: SI

DOCUMENTACIÓN DA PROPOSICIÓN: Os licitadores deberán presentar a seguinte documentación en sobre pechado:

- a) Proposición económica segundo Anexos tipo relativo á "modelo de oferta económica"
 - b) Aceptación do correo electrónico como forma de comunicación/notificación según Anexo tipo relativo á "Modelo de aceptación de forma de comunicación/notificacións".
 - c) Proxecto descritivo do servizo a prestar. O proxecto deberá sinalar expresamente a relación do persoal adscrito á prestación do servizo con indicación da titulación académica, formación especializada, experiencia laboral, suficientemente acreditada, na prestación de servizos análogos aos que se pretende contratar (acreditar a través de certificados e/ou contratos expedidos e/ou asinados polas administracións correspondentes). Deberá indicar, así mesmo, as funcións de cada persoa, horarios ou xornada de contratación, recollido en cadro sintético. No proxecto se indicara a persoa que actuará como coordinador do persoal adscrito á prestación do servizo e que será o interlocutor entre o contratista e o Concello de Bueu.
 - d) Documento que detalle melloras ofertadas que deben quedar vinculadas ao obxecto do contrato
- A documentación que hai que achegar no sobre debe ser a acreditativa dos datos a valorar segundo



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Ref.: A/S/SC47-16

os criterios de adjudicación sinalados no presente cadro de características, **evitándose achegar documentación relativa a xeneralidades sobre a empresa ou a criterios non avaliábles** co obxecto de garantir a mellor valoración da súa proposta polo órgano de contratación segundo os criterios determinados neste cadro.

No sobre figurará externamente o NOME DO LICITADOR e, no seu caso, do REPRESENTANTE, DOMICILIO SOCIAL, TELÉFONO, CORREO ELECTRÓNICO e FAX, a efectos de comunicación, así como o TÍTULO DO SERVIZO OBXECTO DO CONTRATO.

DOCUMENTACIÓN PREVIA Á ADXUDICACIÓN:

O licitador que concorra en tempo e forma e cuxa proposición sexa declarada a máis vantaxosa deberá aportar, previo requirimento do órgano de contratación, a documentación acreditativa da capacidade e solvencia nos termos que resultan do TRLCSP e normativa de desenvolvemento.

FORMA OBRIGATORIA DAS NOTIFICACIÓNS/COMUNICACIÓNS: FAX OU CORREO ELECTRÓNICO sempre que medie aceptación expresa da persoa que concorra.

(Segundo dispón o artigo 28 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos e por mor da urxencia na celebración do contrato para que poda entrar en vigor no prazo de prestación do servizo obxecto do contrato menor).

III.5. PROPOSICIÓNS

PRESENTACIÓN PROPOSICIÓNS: Poderán presentar proposicións ademais das empresas que sexan invitadas, as que concurran dentro do prazo de 05 días naturais posterior ao da publicación do correspondente anuncio de licitación no perfil de contratante da web municipal

LICITACIÓN ELECTRÓNICA (posibilidade de presentación de ofertas por medios electrónicos): Non se admite

TABOLEIRO DE ANUNCIOS ELECTRÓNICO (medio electrónico de comunicación de defectos u omisións subsanables na documentación presentada: SI. A través do Perfil de contratante da web municipal

COMUNICACIÓNS E NOTIFICACIÓNS: Uso preferente de FAX e/ou CORREO ELECTRÓNICO previa autorización do licitador

ACCESO AO EXPEDIENTE: No perfil de contratante do Concello de Bueu ao que se accede a través do portal da web municipal (www.concellodebueu.org)

DÚBIDAS E ACLARACIÓNS AOS PCAP/PPT: Formulación mediante correo electrónico dirixido á dirección contratacion@concellodebueu.org ou secretaria@concellodebueu.org cunha antelación mínima de 48 horas ao remate do prazo de presentación de ofertas.

PUBLICIDADE DA RESOLUCIÓN DAS DÚBIDAS E ACLARACIÓNS AO CADRO DE CARACTERÍSTICAS: Anuncio no taboleiro de anuncios do Concello (planta baixa da casa consistorial) e no Perfil de contratante da web municipal garantindo o anonimato da persoa física ou xurídica que formula a consulta e notificación individualizada da resolución ao consultante por correo electrónico.

III.6. RESPONSABLE DO CONTRATO

RESPONSABLE DO CONTRATO: Concellería delegada especial na área de xestión de Mocidade e Infancia. Delegación xenérica e especial de atribucións e funcións contida nas resolucións de alcaldía núm. 582/15 de 17.06.2015 (BOP núm. 121 de 26/06/2015) e num. 43/2016 de 29.01.2016 Concelleiros/as: Carlos Eirea Eiras (delegación xenérica) e Inmaculada Rodríguez Días (delegación especial).

O responsable do contrato terá as facultades sinaladas no artigo 52 do TRLCSP, entre as que cabe sinalar a modo meramente enunciativo e non limitativo, as seguintes funcións:

1. Tramitar cantas incidencias surxan ao longo da execución do contrato.
2. Convocar cantas reunións considere necesarias para a correcta prestación dos servizos contratados e a súa supervisión á que estará obrigada a acudir o contratista.
3. Conformar as facturas correspondentes aos servizos realizados segundo as condicións establecidas nos presentes pregos.
4. Dar as ordes oportunas para acadar os obxectivos do contrato.
5. Informar a proposta de substitución do persoal adscrito á execución do contrato que sexan presentadas polo contratista.
6. Exercerà funcións superiores de dirección, organización, administración e autoridade do



servizo. Neste senso, o adxudicatario virá obrigado a desprazar ao Concello, nas horas que se sinala, a un responsable do servizo, quen informará dos traballos realizados e anomalías producidas e recibirá as instrucións pertinentes do director do servizo.

7. Poderán revisar periodicamente os traballos que efectúe o adxudicatario, así como o seu persoal e o estado do material ou instalacións en todo momento. A estes efectos, os servizos técnicos municipais das áreas afectadas pola prestación do servizo terán libre acceso a todas as dependencias do adxudicatario afectadas ao servizo.

III.7. OBRIGAS ESPECÍFICAS DA EXECUCIÓN DO CONTRATO

Obrigas específicas:

- As que resulten do TRLCSP, RLGAP e do resto da normativa de aplicación en materia de contratación do sector público.
- As que resulten das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo. Neste senso, o incumprimento destas obrigas polo contratista, ou a infracción das disposicións sobre seguridade e saúde polo persoal técnico designado por él non implicará responsabilidade algunha para o concello de Bueu.
- As que resulten da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e a súas normas de desenvolvemento tendo o contratista a consideración de "encargado do tratamento" aos efectos sinalados nestas normas someténdose, en cada momento, ás instrucións e ordes da concellería correspondente.
- As que resulten das esixencias incluídas neste cadro de características.
- As que resulten das ordes que ao efecto emita a concellería responsable do contrato.

Asemade, apróbanse os Anexos que se axuntan á proposta da concelleira delegada especial na área de xestión de Mocidade e Infancia "Modelo de oferta económica" e "Modelo de documento de oferta de melloras" así como tamén o "Modelo de aceptación da forma de comunicación/ notificacións".

O que se publica para o coñecemento e efectos de quen puidera estar interesado na correspondente licitación e en aplicación dos principios de igualdade e transparencia nos termos que resultan do artigo 139 do TRLCSP.

Bueu, a 20 de xuño de 2016
O alcalde

Félix Juncal Novas



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Ref.: A/S/SC47-16